



Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Francisco Cajoto Caserío, Alcalde do Concello de Foz

O Concello de Foz, pretende dar resposta ás necesidades puntuais das asociacións mediante a autorización para o uso especial do dominio público municipal e á empresas culturais que de maneira puntual programen actividades.

O artigo 72 da LRBRL 7/1985 establece que *“As corporacións locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, facilitánlles a máis ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades o uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades...”*

Afondando na mesma liña o ROF regula nos artigos 232 e seguintes unha serie de dereitos das asociacións (entre eles o acceso ó uso de medios públicos municipais, especialmente locais) se ben só para aquelas que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais.

Por todo o anterior exposto, a Delegación de Cultura do Concello de Foz abre o prazo para solicitude do uso, por parte das asociacións, das instalacións da **SALA BAHÍA e LOCAIS do CENTRO SOCIAL** (planta baixa e 4º andar).

Para ter dereito ao acceso á utilización temporal en precario da Sala Bahía sita en rúa Cervantes, e dos locais da planta baixa e 4ª planta do Centro Social sito en Avda. da Ribeira, deberanse cumprir os seguintes requisitos:

- Que o obxectivo da asociación ou entidade sexa coincidente cos obxectivos perseguidos dende o Concello de Foz, de xeito que complementen ou contribúan á consecución das funcións que lle son propias, isto é, á prestación de servizos e atencións que posibiliten a mellora da calidade de vida das persoas asociadas e da cidadanía en xeral.
- Acreditar a necesidade do local para o desenvolvemento da súa actividade.

O cumprimento dos citados requisitos deberá ser acreditados coa presentación da solicitude, e en calquera caso, no momento da cesión, así como ao longo de todo o período de cesión de uso dos locais municipais.

Permítese que varias asociacións presenten un programa de actividades conxunto.

Por outra banda a situación actual de Covid, esixe unhas medidas concretas e estritas na xuntanza de persoas e no uso de instalacións, por elo deberán cumprir as directrices marcadas no Protocolo de medidas operativas e sanitarias para o uso de locais do Concello de Foz polo Covid-19 polo Concello de Foz en tema de limpeza e uso de instalacións municipais.





Concello de Foz (Lugo)
CIF: P2701900I
Avda. Álvaro Cunqueiro, 24
27780 FOZ (Lugo)

Teléfonos: 982 14 00 27
982 14 02 21
Fax: 982 14 16 00

Os tipos de cesión poderán ser:

Para desenvolver un acto concreto e extraordinario, con data e horario predeterminado ou para a realización de cursos ou actividades que deberán ser revisadas pola Delegación de Cultura do Concello de Foz no caso da Sala Bahía ou pola Delegación de Servizos Sociais no caso do Centro Social, cunha periodicidade mensual.

Resolución das peticións:

Terán preferencia en primeiro lugar as actividades dos colexios, garderías públicas e Anpas municipais, en segundo lugar as asociacións debidamente rexistradas no Concello de Foz, en terceiro lugar as empresas do concello e por último as empresas de outros concellos.

Será de obriga en todos os casos a anulación da actividade por parte de calquera dos colectivos no momento en que o concello o precise para calquera das súas actividades.

A Alcaldía ou o/a Concelleiro/a de Cultura xestionará e resolverá as actualizacións relativas ao outorgamento de autorizacións e demais consideracións sobre o uso dos locais.

Presentación e prazo:

As persoas/asociacións/empresas... que desexen utilizar as salas deberán presentar instancia (segundo o modelo adxunto) subscrita por quen teña a representación legal dirixida ao Excmo. Concello de Foz no seu Rexistro Xeral ou utilizando os medios establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común. Dita solicitude deberá acompañarse da documentación que se indica.

- a) Fotocopia do DNI da persoa que asina a solicitude e documento acreditativo da representación que posúe na entidade solicitante.
- b) Programa de actuación que pretende desenvolver a entidade.
- c) Xustificación da necesidade de uso do local solicitado para o desenvolvemento do programa ou actividades presentados

O prazo de presentación remata o vindeiro venres 18 de setembro.

Data da sinatura electrónica

Asdo: O ALCALDE-PRESIDENTE

Francisco Cajoto Caserío

